

“XII CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL”

Bases para o concurso de Dúo de Gaita e Tambor

(Luou - Teo)

- 1.** Poderán participar dúos, compostos unicamente por:
 - Unha gaita e tambor (quedarán excluídas gaitas marciais e tambores con parche de plástico).
 - Todos os grupos participantes deberán ir vestidos co traxe tradicional, que non deberán quitar ata despois da entrega de premios.
 - Queda prohibido que os participantes concursen con máis dun dúo.
- 2.** Establécese unha única categoría sen límite de idade.
- 3.** A participación no concurso conleva a interpretación de dúas pezas:
 - Polo menos unha das pezas deberá ser tradicional en toque pechado.
 - Outra peza libre tradicional ou de autor, gardando a estética tradicional galega.
- 4.** O Xurado será seleccionado pola Organización e o seu fallo será inapelable.

O Xurado valorará os seguintes puntos :

 - Afinación, percusión, dificultade das pezas, interpretación e estética.
- 5.** O Concurso celebrarase o día 20 de novembro de 2021 no Edificio Social de Luou, Teo.

O concurso só terá lugar sempre e cando se reúnan un mínimo de 5 grupos participantes.

Admitirase un número máximo de 15 grupos, que serán seleccionados por rigorosa orde de inscrición.

O Concurso comezará ás 18:00 horas. Unha vez situados no escenario, os grupos disporán de 3 minutos para a afinación de gaitas. Rematado este tempo, serán avisados e comezarán a interpretación das dúas pezas elixidas, cun tempo máximo de 8 minutos e un mínimo de 5,

incluído o tempo entre elas. Non chegar ao tempo mínimo ou exceder o máximo será motivo de penalización segundo o criterio do xurado.

A orde de actuación determinarase mediante sorteo previo realizado pola organización.

- 6.** A data tope de inscrición será o día 18 de novembro de 2021 ás 24:00 h. A folla de inscrición debidamente cuberta, deberá ser enviada por e-mail a:

cmt@acamamoa.gal

As bases e fichas de inscrición poderán ser baixadas dende:

<http://www.facebook.com/acamamoa>

<https://www.instagram.com/acamamoa/acamamoa.gal>

- 7.** A Organización comunicarlle aos grupos seleccionados a súa participación no concurso.
- 8.** A Organización establece 3 premios:

1º Premio =	500 € + Agasallo conmemorativo
2º Premio =	300 € + Agasallo conmemorativo
3º Premio =	200 € + Agasallo conmemorativo

- 9.** Aqueles casos non contemplados nestas bases serán decididos polo xurado, e a súa decisión será inapelable.
- 10.** O dúo gañador do concurso repetirá unha das pezas da final, dándose así por rematado o concurso.
- 11.** A inscrición no concurso implica a total aceptación destas bases.

Observacións:

- Os grupos participantes deberán presentarse no [Edificio Social de Luou](#) 1 hora antes do comezo do concurso.
- A Organización resérvase os dereitos de gravación e difusión de todos os temas interpretados no concurso utilizando calquera medio sonoro ou audiovisual.